

ESCOLA SAUDÁBEL, INTERNET SÓ POR CABLE

Ensino libre da contaminación electromagnética



Á atención de pais e nais:

Sabías que ... a conexión por Wi-Fi nas aulas **pode irradiar** aos nosos/as fillos/as durante unhas 6 horas ao día uns 184 días ao ano e que os seus picos de radiación poden superar á exposición do móbil ou antena próxima ?

Sabías que ... a OMS / IARC (xuño de 2011) clasificou (31.08.11) estas radiacións das tecnoloxías sen fíos (teléfono móbil, Wi-Fi, Wimax ...) como **posíbeis canceríxenos** en humanos, solicitando o propio director do IARC "reducir a exposición a estes dispositivos" ?

Sabías que ... o Consello de Europa aconsellou en maio de 2011 **primar o cable ante o Wi-Fi** nos centros de ensino **para minimizar á exposición a contaminación electromagnética** na infancia e na mocidade pola súa maior vulnerabilidade ? **¿Sabía que... o Parlamento Vasco** xa se adheriu a devandita Resolución do Consello de Europa ?

¿Sabías que... o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia demandou en maio e xuño do 2012 prohibir a rede Wi-Fi escolar para protexer do seu "efecto nocivo" aos "nenos", "moitos máis sensibles" ?

Sabías que ... o proceso de informatización do Programa Abalar da Xunta de Galicia **impón o Wi-Fi na conexión a internet** nas aulas (5º-6º de Primaria, 1º-2º da ESO) seleccionadas ? **¿Sabías que... a conexión por cable é tecnicamente máis rápida, estábel, segura e ademais non contamina ?**

Sabías que ... noutros países da nosa contorna hai escolas, universidades, bibliotecas, concellos, etc., que **optaron pola conexión por cable** aplicando xa o **principio de precaución** ?

Distes o teu consentimento para expoñer ao teu fillo ou a túa filla a este risco para a saúde? O feito de que o Wi-Fi sexa de uso xeneralizado non significa que sexa seguro. Wi-Fi é unha tecnoloxía non regulada cuxa seguridade nunca foi probada.

Infórmache e colabora coa campaña galega **ESCOLA SAUDÁBEL, INTERNET SÓ POR CABLE:**

- Web: <http://www.apdr.info/escolasenwifi.htm> / Enderezo: apdr@apdr.info
- Contacto do grupo local: [\[engade aquí o contacto do teu grupo\]](#)



Centros de ensino saudábeis = Centros **libres** ...



... do Fume do tabaco
Leis 28/2005 e 42/2010



... da Comida lixo
Lei 17/2011



... da Electropolución:
Cando ? ? ? ? ? ? ? ?

))) Wi-Fi nas aulas?

Internet só por cable